



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO
PLENO DO CONCELLO
O DIA 14 DE XANEIRO DE 2010**

ALCALDE: D. Jesús Vazquez Almuiña

CONCELLEIROS: D. Angel Manuel Rodal Almuiña
Dña. Rosa Ana Marcote Guillén
Dña. Maria de los Angeles Silva Gonzalez
Dña. Maria Iglesias Fernández
Dña. Ana Simons Sánchez
D. Jose Rodríguez Trigo
Dña. Maria Jesús Martíns Passos

D. Rafael Lores Rosal
D. Manuel Rafael Estévez González
Dna. Emilia Giráldez Ramirez
Dña. Laura Miguez Pérez
Dña. Teresa Perez Vieira

D. Xose Enrique Fernández Fernández
D. Roberto C. Valverde Sabin

NON ASISTIRON: D. Manuel R. Vilar Marquez (CMÑ)
D. Manuel A. Gonzalez Marcote (PSOE)
Dña. Susana Gallardo Fariña (Secretaria Xeral)

SECRETARIA EN FUNCIONS: Dña. Rosa del Riego Santos (Interventora municipal)

Na Casa Consistorial de Baiona, a catorce de xaneiro de dous mil dez, reúnen-se os señores ditos enriba, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno do Concello en primeira convocatoria.

Sendo as doce horas, o Sr. Alcalde-Presidente declara aberta a sesión, pasándose ó tratamento dos asuntos contidos na Orde do Día.

1.- APROBACION DE ACTA ANTERIOR.

Acta de 3 de decembro de 2009.

O Sr. Alcalde pregunta se hai observacións que facer á devandita acta, e non producíndose ningunha, fica aprobada aprobada por unanimidade a acta do 3 de decembro de 2009.

2.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA.

Os Concelleiros dispoñen da devandita relación de resolucións da Alcaldía.

**3.- APROBACION, SE PROCEDE, DA MODIFICACION DA ORDENANZA FISCAL NUM.1
REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICION DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS.**



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

O Sr. Alcalde cede a palabra á **Sra. Interventora**.

SRA. INTERVENTORA.- Lo que se pretende con esta modificación de la Ordenanza es eliminar algunos conceptos tributarios que se venían cobrando desde hace varios años. En algunos casos suponía un coste para los ciudadanos cuando realmente se cobraban bien por licencia urbanística, por licencia de apertura, etc., con lo cual no tenía mucho sentido cobrar por algo más cuando se expedía la licencia. También se suprimen las tasas por el acceso a la selección de pruebas de personal laboral temporal, también por el hecho de no suponer otro coste para los ciudadanos. Únicamente se aprovecha esta modificación para introducir un supuesto nuevo no previsto, que es por la expedición de carnets expedidos por el departamento de Medio Ambiente, como puede ser en el caso de perros peligrosos, entre otros; y en las plazas de personal funcionario ó laboral fijo se adapta el Estatuto básico del empleado público del 2007, porque no se modifica desde el año 2006, y se recoge el nuevo Grupo B que antes no estaba previsto. Por los demás, las tasas se mantienen igual que desde el año 2006 que fue la última modificación.

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Desde el servicio de Intervención se ha tramitado el expediente para la modificación de la Ordenanza Fiscal nº 1 reguladora de la tasa por expedición de documentos administrativos

El motivo que lleva a la modificación de esta Ordenanza es supresión de algunos conceptos que hasta la fecha daban lugar a la expedición de una tasa, como son los establecidos por la concesión de licencias de obras, mayores o menores y de licencias de apertura de establecimientos, ya que se considera que al estar gravados en la tasa por licencias de obras o en la tasa por licencias de aperturas de establecimientos, no deben suponer un sobre coste para el sujeto pasivo.

Esta modificación no supone incremento del resto de tarifas previstas en la Ordenanza, pese a que no se modifica desde hace tres años

Por todo lo expuesto, se eleva al Pleno de la Corporación, previo dictamen de la Comisión Informativa, el siguiente ACUERDO:

- **1º. Aprobar la modificación del artículo 6 de las Ordenanza Fiscal: nº 1 reguladora de la tasa por expedición de documentos administrativos.**
- **2º. Remitir el presente acuerdo al BOP y a un diario de mayor difusión a efectos del cumplimiento del trámite de exposición pública.**

SR. RODAL, PP.- Como bien comentó la Interventora, en esta modificación de la Ordenanza por expedición de documentos administrativos se suprimen algunos como son el contrato administrativo que era de 5 euros, la "licencia de obra en la que se exija proyecto, por vivienda ó local: 5,40 euros"; en cada licencia de obra menor, que era de 3,20 euros; licencias de apertura, traspaso ó traslado de establecimiento, antes eran 10,65 euros, también la solicitud para formar parte en el procedimiento de selección de plazas de personal laboral temporal, en contrato superior a 6 meses, (creo que esto es muy importante en estos momentos de crisis), tanto equivalente a los grupos A y B que eran 6 euros, equivalente al grupo C, 4 euros; y equivalentes a los grupos D y E, 2 euros. Si comentar, como muy bien dijo la Interventora, que se crean 2 conceptos nuevos: uno, en la solicitud para tomar parte en el proceso de selección y promoción de personal funcionario ó laboral fijo en el grupo B; y otra para carnets expedidos por el departamento de Medio Ambiente; que tendrán un coste, en el caso del grupo B de 15 euros, y en el caso de Medio Ambiente de 2 euros. La última



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

revisión había sido en octubre del 2006. Creemos que es una medida justa y que en estos momentos de crisis siempre servirá para ayudar un poquito.

SR.LORES, PSOE.- Antes de nada agradecer as mensaxes de condolencia recibidos, agradecemento meu e da miña familia.

Entrando na orde do Día, decir que si estamos a favor desta modificación; unha das cousas que quixeramos remarcar, e que xa lle dixen á señora interventora, é que non é unha "derogación" como saíu nos medios de comunicación onte por parte do goberno, e que tampouco os cidadás van a deixar de pagar, como se decía onte; aquí hai unha serie de reducións coas que nós estamos totalmente a favor, pero tamén hai un incremento que non entendemos porque como é o incremento polos carnets expedidos polo departamento de Medio Ambiente; é unha cousa que non entendemos.

Estamos dacordo coa modificación; co que non estamos dacordo é coa interpretación que fai o goberno desta modificación cando dí que a partir de agora os cidadás non van a ter que pagar trámites administrativos no Concello cando iso non é certo. Moitas grazas.

SR.RODAL, PP.- Respecto ó que comentou cando se referiu á prensa, o que dixemos é que uns se suprimen, creo que son 8 puntos, e os demais se manteñen, se manteñen coas tarifas exactamente igual; e non é que non haxa que pagar xa ningún coste, obviamente en tódolos Concellos ten un coste a expedición de documentos administrativos, e xa dixemos que se están mantendo as taxas cos prezos de outubro do 2006; incorporando as 2 novas que xa citamos e que creemos que son lóxicas, como son a expedición de carnets do servizo de Medio Ambiente, como perros perigosos, o outros servizos; creemos que é totalmente lóxico.

SR.ALCALDE.- Creo que el fin último es adecuar la actividad al trabajo que supone, y que no haya un doble coste, como ocurría en algunos casos; y aquel que si necesite un trabajo administrativo de requerimientos, de expedición de carnets, etc., que si tenga un coste.

Polo Sr.Alcalde se procede á votación do presente punto, resultando aprobado por unanimidade.

Polo cal o Pleno, por unanimidade, ACORDA:

- **1º. Aprobar la modificación del artículo 6 de las Ordenanza Fiscal: nº 1 reguladora de la tasa por expedición de documentos administrativos.**
- **2º. Remitir el presente acuerdo al BOP y a un diario de mayor difusión a efectos del cumplimiento del trámite de exposición pública.**

4.-APROBACION, SE PROCEDE, DA MOCION DO EQUIPO DE GOBERNO RELATIVA Á CONEXIÓN DA ESTRADA CASTRELOS-UNIVERSIDADE Á AUTOESTRADA DO VAL MIÑOR.

O Sr.Alcalde cede a palabra ó **SR.RODAL, PP**, quen da conta da seguinte:

CONEXIÓN DA ESTRADA CASTRELOS-UNIVERSIDADE COA AUTOESTRADA DO VAL MIÑOR

MOCIÓN



EXCMO. CONCELO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

O Concello de Vigo xunto coa Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia, no seu día suscribiron un convenio para levar a cabo o proxecto denominado "*Vial dende a Avenida de Castrelos ao Parque Tecnolóxico, Parque Botánico e Universidade de Vigo*". No mesmo non se contemplou ningún tipo de conexión, nin tampouco un paso a distinto nivel na intersección coa autoestrada do Val Miñor. As obras incluídas neste proxecto atópanse completamente rematadas.

O proxecto de construción da Autoestrada do Val Miñor contemplou un paso a distinto nivel sobre a estrada Castrelos- A Universidade, pero non previu conexión ningunha coa mesma. As obras desta vial concluirán completamente unha vez rematados os enlaces para a circunvalación do Val Miñor, actualmente en obras.

O enlace de ambalás dúas vías estimase moi necesario, dado que posibilitará a conexión do Campus da Universidade de Vigo coa Autoestrada do Val Miñor, xa que actualmente o punto máis próximo da conexión dende o Val Miñor co Campus Universitario é o enlace de Vincios situado a 4,5 Km. do mesmo. **Este enlace reducirá en máis de 3 Km. o acceso no mesmo por estradas de alta capacidade** evitando os viais parroquiais de Zamáns, insuficientes e perigosos.

Esta conexión é unha antiga e fundada reivindicación de tódolos veciños do Val Miñor liderados entre outros pola Asociación de Empresarios Val Miñor, así como polo Centro de Iniciativas Turísticas do Val Miñor.

Polo exposto propomos ao Pleno do Concello:

1º.- **A consideración de obra prioritaria dentro do sistema viario intermunicipal de Vigo**, así como instar as Administracións competentes para que redacten o proxecto e habiliten a partida económica necesaria para levar a cabo o mesmo por consideralo fundamental na vertebración da futura Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo.

2º.-Remitir este acordo á Consellería de Medio Ambiente, Transportes e Infraestruturas; á Mancomunidade de Vigo, e á Mancomunidade do Val Miñor.

CONTINUA.- Desde el equipo de gobierno entendemos que esta es una obra muy necesaria; ya es una petición muy antigua, sobre todo desde el CIT, Centro de iniciativas turísticas, con su Presidente Darío Álvarez, que considera que será algo muy bueno para todo el Val Miñor; ahora estamos aquí en el Pleno de Baiona, esto ya fué aprobado en la Junta de Gobierno de la Mancomunidad; entendemos que sería algo muy positivo por todo lo comentado en la Moción, en cuanto a la distancia, accesibilidad, y también porque mejoraría posiblemente, como siempre reitera Darío, el tema de que posiblemente habría muchísimos más accesos a nivel turístico tanto Nigrán, Gondomar, y Baiona; habría mucha gente que accede a la Universidad, tanto profesores como escolares, que podrían pernoctar en nuestra zona. Por lo tanto creemos que sería muy beneficioso para Baiona, para todo el Val Miñor, e inclusive para otros Municipios que se podrían beneficiar de esta conexión, como son Cangas, todo O Morrazo, Mos, ó Porriño.

SR.LORES, POSE.- Estamos a favor desta Moción; entendemos que é importante para o Val Miñor e para Baiona esta conexión coa Universidade, que pode facilitar a residencia de estudantes no noso Val, aparte de ser un novo acceso que pode desconxestionar o que é a entrada en Vigo. Esta é unha vella reivindicación, e feito nós temos un deputado do PSOE, no seu momento, que sempre estivo a favor e loitou por este acceso; polo tanto vamos a votar que si, por suposto.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

O único que suxerimos é que si vai a favorecer a residencia de estudantes no Val Miñor temos que ter en conta que os únicos que van a ter que pagar peaxe van a ser os estudantes que vivan neste Val, polo tanto creo que habería que estudar a posibilidade de darlles algún tipo de axudas, ó igual que a pode haber para libros; que se poida negociar algún tipo de axuda para os estudantes que vivan aquí, algunha subvención na peaxe da autoestrada. Pedir a posibilidade de facer un estudio, ou por parte da Universidade, ou da Consellería de Educación, para lograr unha beca, unha axuda, para a peaxe dos estudantes.

SR.ALCALDE. - Me parece unha idea interesante; de feito estamos agora mesmo esperando que se materialice o que xa nos comentou o Conselleiro, o tema do uso da autopista según o número de frecuencias ó día, con rebaixas determinadas; por tanto, si se aprobara por parte da Xunta poder facer esta conexión, sería bo incluír este punto para favorecer á xente, como podería ser un carnet xóven; me parece algo moi interesante.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Esta é unha vella reivindicación do Presidente do CIT do Val Miñor, Darío; xa no lo había trasladado fai uns meses a nós tamén, e nos parece unha actuación necesaria; dicir que xa dende o inicio das obras da autoestrada dende o BNG habíamos feito varias propostas e traído aquí varias mocións, non soamente sobre este enlace senón dalgún máis, como os que están realizados agora, e creo importantísimo tamén que non nos esquezamos do enlace de Bahiña que está ahí pendente, non sei si do PXOU ou de qué, pero que sería un enlace para os veciños e veciñas de Baiona bastante importante.

Outra cuestión é o peaxe; o peaxe é unha loita que levamos dende o inicio desta autoestrada e creemos que é algo polo que temos que seguir pelexando ata conseguilo; xa é complicado cando encima dos gastos que acarrea ter un fillo na Universidade se lle engade un gasto de peaxe que non é pouco. Por outro lado quixeramos tamén dicir que as Administracións Públicas, e o Concello na parte que lle corresponde, deberán de seguir promovendo o transporte público; creo que houbo en varias ocasións intentos de resolver este tema coa xente da Universidade de Vigo, pero foron intentos que non fructificaron debido a que ao mellor non houbo non sei se as suficientes ganas ou suficiente interese en que isto se levara adiante, e ao mellor o interese chégalle a un cando ten a fame na propia familia; e creo que independentemente de que teñamos fillos universitarios ou non, é importante garantir un transporte público á Universidade xa que é un tema que causa moitísimos problemas e gastos ás familias con alumnos na Universidade de Vigo. Apoiamos a Moción, como non podía ser doutro xeito.

SR.ALCALDE. - Cando se presentou por parte da Xunta (creo que xa o discutimos nun Pleno) o plan de transporte metropolitano, si recordades, algunha das alegacións que presentamos foi que non queríamos que ese transporte fora centralista, é dicir, que todo se dirixira a Vigo e de Vigo a puntos determinados; concretamente pedíamos que no transporte metropolitano se contemplaran liñas CUVI-Val Miñor, ou Val Miñor-Aeroporto; dúas liñas moi útiles para toda a poboación; senón teríamos que ir sempre a Vigo, e de Vigo ir ó aeroporto ou ó CUVI. Como decía antes Angel, aínda que esta é unha iniciativa que sempre foi do Val Miñor, favorecería a toda a área metropolitana, porque agora mesmo unha persoa de Cangas que queira ir á Universidade aínda que vaia pola autopista chega un momento en que ten que baixar a unha carretera de segundo o terceiro nivel, perigosísima, e que non soamente é o que se aforra en kilómetros senón fundamental en tempo e en seguridade. Isto beneficiará a todo o mundo, non soamente de Vigo, senón ó resto: Morrazo, Condado Paradanta, incluso área de Pontevedra. Estamos totalmente dacordo en que se debe primar o transporte metropolitano pero que non sexan liñas centralizadas; que poidamos ter liñas en comarcas e poboacións de influencia como podemos ser o Val Miñor, para ter liñas directas a estes servizos. Penso que todos estamos totalmente dacordo.

SR.RODAL, PP.- Agradecer el apoyo de la Corporación a este punto que es tan importante. Ojalá podamos ver dentro de poco (como vimos recentemente la inauguración de la conexión



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

entre Baredo y Sabarís) las inauguracións de las conexións de Nigrán y Gondomar; y cómo no, ésta que hoy aprobamos aquí en el Pleno.

SR.ALCALDE. - Tamén eu quero agradecer o apoio; en Baiona, nos últimos tempos, en temas importantes, ha habido sempre unanimidade. Hai moitas peticións de enlaces de autopista e o certo é que ata agora as que van adiante son as do Val Miñor; isto é de agradecer a toda a Corporación e a toda a xente que ha pelexado por estes temas; creo que sí, que nos proxectos importantes debemos pelexar entre todos para sacálos adiante; agradecer a todos o traballo e o intento de mellora dos servizos.

Polo Sr.Alcalde se procede á votación do presente punto, resultando aprobado por unanimidade.

Polo cal o Pleno, por unanimidade, ACORDA:

1º.- A consideración de obra prioritaria dentro do sistema viario intermunicipal de Vigo, así como instar as Administracións competentes para que redacten o proxecto e habiliten a partida económica necesaria para levar a cabo o mesmo por consideralo fundamental na vertebración da futura Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo.

2º.-Remitir este acordo á Consellería de Medio Ambiente, Transportes e Infraestructuras; á Mancomunidade de Vigo, e á Mancomunidade do Val Miñor.

5.-MOCIONS.

Non se presentan.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS DO PSOE.

SR.LORES.-

1º ROGO. - No novo vial que se abriu na autoestrada para Baredo, xusto na zona de enlace hai un defecto grave de sinalización, e as veces se duda, pode ser perigoso meterse no carril contrario; creemos que habería que sinalizar coa dirección de prohibido nesas dous accesos que tan pronto vamos ata Baredo non está claro por cal dos dous ramais hai que meterse e existe a posibilidade de confundirse e meterse en sentido contrario na autoestrada. E á volta, tamén por Baredo, ocorre unha cousa parecida; pero o máis grave está na subida de Sabarís, que te atopas cos dous viais e non hai sinalización que indique a prohibición.

2º ROGO. - Vamos a seguir pedindo que se reúna a Comisión do Plan E para ter coñecemento e aportar as distintas suxerencias por parte de tódolos grupos respecto a estas inversións. Ata agora creo que funcionaron as Comisións, foron correctas e sempre positivas, e non entendemos como nesta segunda fase do Plan E non se nos está convocando; xa o comentamos nun Pleno anterior; temos noticias que leemos na prensa, e na Comisión Informativa, na que se informou a tódolos grupos de cal é o plan do goberno, pero pedimos que se convoque esta Comisión para seguir sumando todos xuntos.



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

SR.ALCALDE.- Hoxe de feito se ían dar datos por escrito dos proxectos que o outro día se deron digamos de forma oral; buscaremos un oco para a semana que ven, daremos esos datos e os comentaremos.

ROGO DO BNG.-

SR.FERNANDEZ:

- O **ROGO** é solicitar unha copia da lista das obras e convocar a Comisión.

SR.ALCALDE.- No Pleno anterior fixera unha pregunta sobre a valoración das horas que había que pagarlle á Policía Local.

SRA.INTERVENTORA.- O importe global aproximado de los años 2003 a 2009 asciende a 74.000 euros.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Solicito que no lo pasen por escrito.

PREGUNTAS DO PSOE.

SR.LORES, PSOE.-

1º.- Respecto ós Orzamentos, terían que estar un mes en exposición, quedarían operativos a partir do mes de marzo; polo tanto non entendemos como a estas alturas xa non se aprobaron.

2º.- Outra pregunta que temos, máis ben é un **ROGO**, é que nos informe de como está o **PEPCHAB** a estas alturas porque dende a última Comisión aínda que escoitamos algún comentario, non sabemos exactamente en que fase está a elaboración do Plan.

3.- **Sr.Alcalde** ¿cál foi a urxencia de facer este plan de tráfico que se aplicou agora no Burgo?, temos entendido que se ía facer unha vez que estivera todo o **PERI** máis ou menos estruturado. Estánse creando certo tipo de problemas na circulación posto que nalgunhas vías como é dende a carretera provincial, por detrás do edificio **O Vidro**, si se entra ahí no Burgo, hai posibilidades de coller á esquerda, en cambio hai unha zona ahí que queda "marxinada", e o que está favorecendo é que ninguén cumpra esa norma; dámos a impresión de que habería que facer un pequeno estudio e volver a valorar ese plan de tráfico no Burgo.

SR.ALCALDE.- Contéstolle ás tres.- No tema Presupostos estamos facendo valoracións iniciais; falta que por parte do Estado nos remitan a aportación deste ano.

- Respecto ó **PEPCHAB**, houbo cambios na Xefatura de Servizo en Pontevedra; estamos á espera de cos nosos técnicos se reúnan cos de Pontevedra e coa redactora do Plan; con esas valoracións poderemos ter unha reunión da Comisión do **PEPCHAB**; están enviados os informes; calculo que a semana que ven ou a seguinte será esa reunión de Pontevedra dos técnicos e despois faríamos a nosa.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

- O tema do Burgo leva exactamente un ano; houbo unha reunión con tódolos grupos, explicouse o que se quería facer alí e tamén noutras zonas, se preguntou si alguén quería aportar algo; estivo a exposición pública e non houbo ningunha reclamación; cando íamos a empezar a aplicálo viu algún veciño con problemas e comentamos que deberían traer firmas decindo exactamente qué cambios querían, e se fixeron eses cambios que pedían; agora trátase da aplicación dese plan, pero xa levamos tempo. Hai unha serie de problemillas pola obra de Carrefour, que acarrea uns problemas adicionais, pero creo que incluso se está favorecendo a dirección nun sentido, está favorecendo porque antes os camións chegaban polo Camiño Real, ida e volta polo mesmo sitio, e agora están obrigados a circular soamente nunha dirección.

- Esa situación no Burgo vai a mellorar, dende logo, cando tamén acaben as obras do PERI. Pero é o que se falou: as melloras que os veciños nos pediron; e evidentemente pode haber algún veciño máis perxudicado, pero en xeral nos dicen que están contentos coa solución; tamén pode haber algún que se salte a dirección prohibida, entón haberá que actuar, pero a idea é tratar de que O Burgo teña un ritmo adecuado de circulación.

PREGUNTAS DO BNG.

SR.FERNANDEZ:

1º.- ¿En qué situación se atopa agora mesmo o PXOU?.

SR.ALCALDE.- Estamos "redactando" o borrador co que temos da nova Lei do Solo, que non está aprobada, e o que estamos sabendo da Lei do litoral; tratar de facer as modificacións para que se adapten a esas novas Leis, e esperar a que se aproben para poder facelo nós, senón non podemos, é dicir: poderíamos seguir co trámite coas leis que hai neste momento pero podería darse o caso de que o aprobáramos nós e despois tiveramos que modificálo; din que posiblemente no mes de marzo poderían estar aprobadas as Leis, a partir de ahí poderíamos entrar no tema, ver se hai cambios importantes ou non. O problema é que agora mesmo hai unha información provisional, non é definitiva; pero espero que podamos reunirnos dentro dun mes para poder falar do que creemos nós de cómo afectará o Plan.

SR.FERNANDEZ.- Entón é previsible que non este ano, senón nesta lexislatura, se aprobe o Plan Xeral de Baiona.

SR.ALCALDE.- Vamos a intentar que así sexa; dependemos, como ben sabedes, de moitas Administracións. E difícil porque estamos falando de que se están cambiando Leis neste mesmo ano, pero é posible; a nosa previsión é ir adaptándonos e chegar no momento xusto. Baiona é ún dos Concellos que ten o Plan máis avanzado, cunha aprobación inicial, con exposición pública, pero neste momento tampouco podemos contestar ás alegacións cunha Lei que sabemos que en dous meses non terá valor polo que teríamos que dar outra contestación; preferimos esperar dous meses máis e leválo todo en conxunto; calculo que nun mes poderemos ter xa unha idea dos cambios e poder ter unha reunión para comentalo.

E non habendo máis asuntos a tratar, polo Sr.Alcalde-Presidente levantouse a sesión, sendo as doce horas e coarenta minutos do mesmo día, de todo-lo cal, como Secretaria en funcións,
CERTIFICO.